



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 17:55:55
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 28/02/2022 17:55:55.029



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente acabamos de coñecer a través da prensa as intencións da Consellería de educación de deixar ao IES Val do Asma en Chantada só para a docencia en Formación Profesional, sufrindo, polo tanto, o peche das ensinanzas de ESO e BAC que cursan 128 alumnos neste centro.

Polo que reflicte o artigo de prensa os propios directores dos Centros non concordan con esta medida por diferentes razóns.

A Dra do Val do Asma explica que é inviable que este instituto quede para a docencia de FP porque esta, na comarca de Chantada, está perdendo atractivo para o alumnado, de feito conta unicamente con 60 alumnos dos 188 que ten este centro, e perdeu 2 ciclos nos últimos tempos. A consellería pediu que se tentara potenciar, pero moito nos tememos que non é suficiente que isto se faga en Chantada cando a FP está en declive en termos xerais, polo tanto o problema debe ser bastante máis amplo.

Por outra banda, o Dr do IES Lama das Quendas di que o centro non ten a infraestrutura precisa para acoller a outros 128 alumnos e que precisaría obras, para un



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 17:55:55
Nº Rexistro: 31356
 Data envío: 28/02/2022 17:55:55.029



BLOQUE
 NACIONALISTA
 GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

salón de actos ou mesmo para facelo accesible a alumnado e persoas en xeral con discapacidade motora.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

-Que plans ten a consellería a respecto da modificación ou reordenación da oferta educativa en Chantada e como afectarían aos seus centros de Ensino?

-Contaron dende a Consellería coa opinión do cadro docente de ambos centros?

-Contaron coa opinión das Anpas para tomar a decisión?

-Que modificacións pensan facer para satisfacer as necesidades de comedor que ten o alumnado e que non cubre o centro de Lama das Quendas?

-Como teñen intención de facer para que haxa unha potenciación efectiva da FP en Chantada?

-Están dispostos a mellorar a oferta formativa en FP?

-Consideran que a consellería promociona de xeito efectivo a FP nos centros de ensino primario?

-Que melloras entenden que aportaría esta reordenación de ensinanzas e alumnado?

-Que ámbito temporal contemplan os plans para a súa realización e que modificacións terían que sufrir as actuais instalacións?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2022 17:55:55
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 28/02/2022 17:55:55.029



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que custo van supoñer?

-Que pasará co profesorado actual?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/02/2022 17:51:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/02/2022 17:51:50

CSV: REXISTR
Verificación:
<https://sede.par>

